

*Antoloxía de poesía galega. Do posmodernismo aos novos,*  
por Francisco Fernández del Riego

**Claudio Rodríguez Fer**

**Formas de citación recomendadas**

**1 | Por referencia a esta publicación electrónica\***

RODRÍGUEZ FER, CLAUDIO (2012 [1981]). “*Antoloxía de poesía galega. Do posmodernismo aos novos*, por Francisco Fernández del Riego”. *Grial*: 71, 111-113. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1444>>.

**2 | Por referencia á publicación orixinal**

RODRÍGUEZ FER, CLAUDIO (1981). “*Antoloxía de poesía galega. Do posmodernismo aos novos*, por Francisco Fernández del Riego”. *Grial*: 71, 111-113.

\* Edición dispoñíbel desde o 1 de marzo de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

"Acó me tés onde a pisada é tempo  
hoxe que no meu Tempo caíron as palabras.  
Ana María Auz, acó estas cousas  
e póñome a chorar coma unha tola.  
(Estou soia de antonte, estou sabendo  
meu corazón de nena pola man)" (p. 32).

A lembranza da nenez vencéllase ao vitalismo da muller da terra e contrasta coa morte en "Elexías a Lola":

"Polo silencio desta casa grande consigo o son do mar.  
Ouh, qué vento das illas, Lola de amor, qué vento,  
xa que todos os gozos finan nun mar, ben salado, o da  
morte!" (p. 63).

E, por último, a parte que dá título ao libro, "Estacións ao mar", presenta distintas vivencias no tempo:

... .."E viña a noite logo.  
E nin nos decatábamos que todo arredor noso  
tan múltiple e benigno  
estaba a consumarse coma quen dá un aviso." (p. 81).

Como podemos ver, nesta obra de Xohana Torres poesía e filosofía xúntanse. Como na Rosalía de *Follas Novas*, estamos ante unha creación de temática fondamente filosófica; e, algún tema rosaliano coma o da "noite" metafísica ou o "tempo mouro" están tamén presentes:

... .."É xa a certaíra noite.  
Outro tempo ben mouro estará inzando  
a terrible fronteira do desexo" (p. 48).

CARMEN BLANCO

## ANTOLOXÍA DE POESÍA GALEGA. DO POSMODERNISMO AOS NOVOS, por Francisco Fernández del Riego<sup>1</sup>

Francisco Fernández del Riego, ensaísta, crítico, antólogo e un dos principais impulsores da cultura galega nas últimas décadas, ven de publicar neste 1980 unha escolma de poesía galega do século XX que ben pode servir como primeiro contacto para quen queira achegarse a tal fenómeno.

O manual, subtítulado *Do posmodernismo aos novos*; preséntase como o terceiro dunha serie antolóxica da poesía galega que ven editando a Editorial Galaxia. Os dous tomos anteriores —*Dos devanceiros ao dezaioito* e *Do dezanove aos continuadores*— correran a cargo de Xosé Landeira Yrago e do propio Fernández del Riego, respectivamente. O presente volume ven pois a completar a serie, que no seu conxunto pretende dar unha panorámica xeral da poesía galega desde a Edade Media hastra os nosos días.

Ademais da propia antoloxía, inclúí unhas moi breves notas introdutorias biográficas, bibliográficas e cronolóxicas que, se ben ningún caso se mostran un tanto desiguais e desfasadas, poden servir como información orientadora de primeira man. A cronoloxía histórico-literaria abrangue desde 1897 a 1952, e nela figura unha selección de acontecementos literarios galegos e universais; ao tempo que se fan constar algúns sucesos históricos, estes practicamente a nivel do estado español.

Na antoloxía en sí, aparecen poetas nados entre os últimos anos do século XIX e os primeiros da década do 1950. Varias xeneracións —a novecentista, a do 1936, as de posguerra— están pois representadas no libro, e con elas as diferentes tendencias e individualidades da poesía galega posterior á Xeneración "Nós".

<sup>1</sup> Editorial Galaxia, Vigo, 1980.

En primeiro lugar, aparecen, lóxicamente, os nados arredor do 1900, coñecidos como novecentistas. Coinciden éstos cos movementos vangardistas, caracterizándose pola rutura da tradición e pola incorporación de elementos procedentes dos ismos europeos do momento. O máis celebrado e vixente poeta desta promoción é sen dúbida o case mítico Manuel Antonio, que pese a morrer en plena xuventude deixou unha obra de persoal vangardismo —moi influída polo ultraísmo e o creacionismo— aínda hoxe imitada por algúns dos máis novos. Paralelamente, outro poeta morto igualmente xoven, Luis Amado Carballo, mesturaba o seu sentimento da paisaxe con elementos vangardistas e simbolistas, dando orixe a unha liña hilozoísta que tivo moitos seguidores. Elementos vangardistas hai tamén na escasa poesía de Euxenio Montes e mesmo na de Luis Pimentel, poeta éste dun radical intimismo que se deu a coñecer en libro moi serodiamente, sendo publicado o fundamental da súa obra despóis da súa morte. Por estas circunstancias, Pimentel, o máis firme continuador do intimismo rosalián, é unha figura aillada e senlleira dentro da poesía de postguerra. Pola súa banda, o erudito Fermín Bouza Frey, entroncado coa lírica galego-portuguesa medieval, iniciou a chamada liña neotrovadoresca, que tería logo abondoso cultivo, como xa veremos. Outros poetas novecentistas incluídos na antoloxía, ademais dos citados, son Blanco Amor (evidentemente máis sólido na prosa narrativa), Sigüenza, Acuña, Paz Andrade, Otero Espasandín, Ánxel Johan, Cabada, Augusto Casas, Castillo Elejabeytia, Sevillano e Delgado Gurriarán, varios dos cales fixeron boa parte da súa obra no exilio despóis da guerra civil. Asimesmo, figura tamén o escritor andaluz Federico García Lorca, que, como é sabido, durante a súa estancia en Galicia nos anos 30 compuxo seis poemas en galego. Pódese botar en falta, non obstante, a presenza dalgúns poetas desta edade, como Álvaro de las Casas, Xoán Vidal Martínez e, sobre todo, Emilio Mosteiro.

As xeneracións seguintes á novecentista publican o fundamental da súa obra xa na postguerra, despóis do longo paréntesis producido pola guerra civil é a conseguinte represión contra a cultura galega, que ficou calada ou exiliada durante anos. Deste xeito e aínda que o cultivo da poesía se reanudou serodía e interrompidamente, puideron verse, nun primeiro momento, tres tendencias especialmente definidas, que Fernández del Riego denomina animista, neotrovadoresca e paisaxística respectivamente.

A liña animista, na tradición hilozoísta e imaxinista de Amado Carballo, reflexouse en moitos poetas, aínda que sen acadar resultados suficientemente singulares ou significativos.

En segundo lugar, a liña neotrovadoresca, iniciada por Bouza Frey, tivo tamén unha longa serie de cultivadores, entre os que destacan Xosé María Álvarez Blázquez e Álvaro Cunqueiro. Esta tendencia debatiuse entre a arcaizante continuación, case arqueolóxica, das técnicas dos Cancioneiros medievais (tal como parece ser o caso do erudito polígrafo Xosé Filgueira Valverde, non incluído na escolma) e a baril adaptación lúdica, chea de gracia poética (caso de Cunqueiro, mago da imaxinación literaria, tanto en prosa como en verso).

Finalmente, a liña paisaxística, seguindo polo xeral o maxisterio de Antón Noriega Varela, tamén de abondoso cultivo, deu dous brillantes expoñentes, ambos de rexa formación humanística e resoancias classicistas virxilianas: Aquilino Iglesia Alvariño e Xosé Díaz Castro. Coidamos, de todos xeitos, que non se pode circunscribir a estes dous poetas a unha liña, dada a amplitude temática das súas obras respectivas.

Unha corrente aparte é a representada por Ricardo Carballo Calero, historiador, gramático, crítico e creador literario do máximo releve. Equilibrado, clásico e vangardista en certo xeito, Carballo trata temas que van do íntimo e cotián ao mítico, sempre expresados sobriamente. Outros poetas desta idade incluídos polo antólogo e que non podemos caracterizar aquí son Castroviejo, Díaz Jácome, Guerra da Cal, Casado Nieto, Pérez Creus, Moreiras, Ramón María, González Garcés, Fabeiro, Emilio Álvarez Blázquez e Conde. Mención aparte merecerían tres poetisas: a estadounidense Anne Marie Morris, a prolífica Pura Vázquez e a máis radicalmente intimista e aillada María Mariño.

Moitos membros deste xeneración escribiron a súa obra en América, como é o caso de Emilio Pita, e foi precisamente no exilio americano onde xurdiu

con Luís Seoane e Lorenzo Varela, a poesía civil ou social, que tantos aditos iba ter durante toda a postguerra. Celso Emilio Ferreiro foi o principal cultivador e iniciador desta poesía crítica no interior, entroncando coas voces do exilio. Moi axiña, a poesía protestataria, xeralmente satírica e obviamente politizada e comprometida, convertiuse en moda, sendo a liña máis cultivada nos anos 60 e mesmo nos 70. Para aquelas mocedades contestatarias, Celso Emilio foi o exemplo e o guieiro a seguir.

Entre os poetas nados xa nos anos 20 danse diversas tendencias que van desde o intimismo existencial de Antonio Tovar ou Luz Pozo Garza ao realismo social de Eliseo Alonso e Xosé Neira Vilas. Outros nomes incluídos son González Alegre, Rey Romero, Barros, M.<sup>a</sup> do Carmen Kruckenberg e Manuel Cuña Novás, éste iniciador dunha poesía escura i existencial, chamada escola da tebra e de neboeira, que tería prolongación nos mozos do grupo Brais Pinto, xurdido en Madrid nos anos 50.

Pasando xa aos nados nos anos 30, aparecen en primeiro lugar Uxío Novoneyra, autor dunha singularísima poesía cósmica e paisaxística de perfecta expresión fonosimbólica, e Manuel María, o poeta máis prolífico da postguerra, que había de cultivar todas as liñas: a existencial, a paisaxística, a social... Seguidamente xurdiron os poetas do grupo Brais Pinto na citada escola da tebra existencial (Graña, Lourenzo, Cribeiro, Ferrín e o non incluído Fernández Ferreiro), algúns dos cales ensaiarían a poesía social, trascendendo logo calquera encadramento, como ocorre, sobre todo, con Bernardino Graña e Xosé Luis Méndez-Ferrín. Da mesma xeneración son outros poetas intimistas —en xeral— como Salvador García-Bodaño, Xosé Luis Franco Grande, Xohana Torres, Avilés de Taramancos e Manuel Álvarez Torneiro.

Entre os nados nos anos 40 destaca en primeiro lugar Arcadio López Casanova que, comenzando nunha liña máis ben social, evolucionou cara unha poesía moi persoal, cunha exuberante dimensión formal. Os demais poetas incluídos desta promoción, que van de Farruco Sesto Novás aos nados nos primeiros anos 50, coinciden na preocupación social, moitas veces pechada no mundo rural. Moi outros son xa os rumbos actuais da xoven poesía galega, non recollidos aínda nesta obra.

Pódese pois ver ao longo da antoloxía toda unha panorámica da poesía galega posmodernista, que ha ser útil por ser única no seu xénero. Non imos considerar aquí os acertos ou desacertos na escolla dos poemas porque é sabido que nesta cuestión é imposible o acordo, xa que cada antólogo ten por forza o seu criterio persoal. Cabe lamentar, non obstante, que algúns poetas fiquen moi mal representados pola falta de actualización no material escollido, cousa que ocorre xeralmente cos máis novos. Nalgúns casos, como os de Méndez-Ferrín e López-Casanova, a escolla é moi escasamente representativa, xa que os libros máis significativos destes autores —“Con pólvora e magnolias” e Mesteres”, respectivamente— ficaron ignorados na escolma. Pode notarse tamén algún nome de falta, sobre todo tendo en conta a inclusión dalgúns poetas pouco relevantes, pero éste é tamén un reparo case inevitabel tratándose dunha antoloxía.

Independentemente do criterio da escolla, sempre problemático, e dos lapsus e desfasas observados, a presente antoloxía é a máis ampla en canto a número de autores de todas as publicadas sobre este período, e polo tanto pode resultar moi útil e suxestiva para quen queira achegarse á poesía galega contemporánea.

CLAUDIO RODRÍGUEZ FER

## EL CANCIONERO DE JOAN AIRAS DE SANTIAGO. Edición y estudio de José Luis Rodríguez <sup>1</sup>

Desde hai varios anos, destacados filólogos brasileiros e italianos veñen adicando especial atención ao estudo crítico de algúns dos troveiros máis significados dos nosos Cancioneiros medievais. Así, o Prof. Celso Ferreira da

<sup>1</sup> Anexo 12 de «Verba», Anuario de Filoloxía. Universidade de Santiago de Compostela, 1980.